



**INTERNACIONAL  
DE XADREZ**

**CONCELLO DE POIO**

**APECR  
2024**

**6 de xullo en Raxó**



[www.xadrez-apecr.com](http://www.xadrez-apecr.com)

# INTERNACIONAL DE XADREZ CONCELLO DE POIO APECR 2024

A Organización resérvase o dereito de modificar as bases co único requisito da súa publicación na páxina web oficial do evento:

<https://xadrez-apecr.com/bases/>

## Organización

### Dirección técnica

Luís Fraga Encinas

### Entidades colaboradoras

Escola Xadrez Pontevedra  
Concello de Poio

### Webs Oficiais

<https://xadrezpontevedra.com/>  
<https://concellopoio.gal/>

### Sede

Espazo Municipal Xaime IIIa  
Rúa da Igrexa, 16, 36992, Raxó- Poio (Pontevedra)

### Data

Sábado 6 de Xullo de 2024

### Inscrición

Inscrición telemática gratuita na páxina web oficial do evento:  
<https://xadrez-apecr.com/inscripcion/>

# BASES TÉCNICAS

Disputarase un único torneo aberto a todos os xogadores con licenza federativa en vigor.

Torneo oficial da **Federación Internacional de Xadrez**. Computable para **ELO FIDE**.

**Categorías:** Absoluta, Feminina, Sub-8, Sub-10, Sub-12, Sub-14, Sub-16, Local.

Aos xogadores sen licenza federativa en vigor, que desexen participar no torneo, ofreceráselles a opción de licenciarse este ano co equipo da Escola Xadrez Pontevedra. A organización do torneo realizará os trámites para obter a licenza, adiantando así o custo desta (actualmente 15€ para adultos e 5€ para menores de 14 anos), que finalmente será abonado de xeito presencial polo xogador o día do torneo.

Para as categorías con límite de idade terase en conta o ano de nacemento do xogador, por exemplo serán categoría Sub-12 os xogadores que naceran nos anos 2013 e 2012.

A categoría local estará conformada polos xogadores nados ou empadroados no Concello de Poio e que debidamente o xustificuen o día do torneo.

Se se deran as circunstancias de contar con un número suficientemente elevado de inscritos sen licenza federativa, a organización resérvase o dereito de organizar dous torneos, un master e oficial para os federados e outro amateur para os non federados, coas mesmas normas e horarios pero clasificacións independentes. De ser así, as categorías mencionadas anteriormente serán as categorías do torneo oficial. O torneo amateur sería de categoría única.

O sistema de competición empregado será o **Sistema Suízo a 9 partidas**. Con un ritmo de xogo de **10 minutos máis 5 segundos** de incremento por xogada.

O competición ríxese polas leis do Xadrez da FIDE para este tipo de torneos (90º congreso da FIDE en Baku, Azerbaiyá, 2023). Calquer dúbida que non se resolvan neste documento ou nas bases deste torneo, serán resoltas polos árbitros. As resolucións arbitrais ratificadas polo arbitro principal serán inapelables.

Aplicaranse as **Reglas de Competición** co engadido das seguintes **Reglas de Xadrez Rápido** que ademáis teran prioridade sobre as anteriores:

- Unha vez completadas tres xogadas por cada xogador, non se poden facer reclamacións ao respecto da correcta ubicación inicial das pezas, a colocación del taboleiro ou os tempos que figuran nos reloxos. No caso de emplazamento cambiado de Rei e Dama, non se permitirá o enroque con ese rei.
- O árbitro adoptará unha decisión ao respecto da acción de mover as pezas únicamente a requerimento de un ou de ambos xogadores.
- Considerarase que se efectuou unha xogada ilegal cando se poña en marcha o reloxo do adversario. O adversario conta entón, antes de facer a súa xogada, co dereito de reclamar que o xogador efectuou unha xogada ilegal. Únicamente trala reclamación do adversario, tomará o árbitro unha decisión. Por outra banda, o árbitro intervendrá, se é posible, cando ámbolos dous reis estan en xaque, ou cando non se completara a promoción dun peon.
- Considerarase que unha bandera caeu cando un xogador faga unha reclamación válida a tal efecto. O árbitro abstendrase de sinalar unha caída de bandera, pero poderá sinalar a caída de ambas.
- Para reclamar victoria por tempo, o reclamante debe deter ambos reloxos e notificarllo ao árbitro.

O uso de calquer dispositivo electrónico (teléfono móbil, tablet PC, reloxo intelixente...) queda prohibido mentres o xogador estea en partida.

Toda reclamación deberá ser presentada ao árbitro durante a rolda no que tivera lugar o obxecto da reclamación.

**Horario do torneo:** Sábado 6 de Xullo de 2024

Rolda	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª	7ª	8ª	9ª
Hora	11:00	11:45	12:30	13:15	16:15	17:00	17:45	18:30	19:15

**Clausura e entrega de premios:** 20:15

**BYEs:** Os xogadores poderán solicitar *byes*. Ningún *bye* será oficial sen a confirmación por parte da organización.

O primeiro *bye* solicitado por un xogador será de 0.5 puntos, de ahí en adiante os *byes* que solicite serán de 0 puntos. Os *byes* para as roldas 7ª, 8ª e 9ª serán de 0 puntos aínda que sexa o primeiro que solicite ese xogador.

**Desempates:** Empregaranse, por orden, os seguintes sistemas de desempate:

1. Sistema ARO (media de ELO dos contrincantes)
2. Bucholz-1 (eliminando puntuación máis baixa)
3. Progresivo
4. Sorteo

**Premios:**

Categoría Absoluta	
1º	Trofeo + 150€
2º	Trofeo + 100€
3º	Trofeo + 80€
4º	Trofeo + 60€
5º	Trofeo + 50€

Categoría Feminina	
1º	Trofeo + Libro

Categoría Sub-8	
1º	Medalla + Libro

Categoría Sub-10	
1º	Medalla + Libro

<b>Categoría Sub-12</b>	
1º	Medalla + Libro
<b>Categoría Sub-14</b>	
1º	Medalla + Libro
<b>Categoría Sub-16</b>	
1º	Medalla + Libro
<b>Categoría Local</b>	
1º	Trofeo + Libro

## LOPD (Ley Orgánica de Protección de Datos)

### Acetación

Os delegados de cada club e os xogadores inscritos autorizan á organización do campionato á difusión de información ou á utilización de imaxes ou do nome do equipo e dos seus xogadores nos medios de comunicación, transmisións ou en publicidade e memorias da competición, sempre que non representen menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contrario aos seus intereses, e sempre dentro do marco legal establecido no Código Civil, na Lei de Enxeñería Civil e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

### Cesión de dereitos de imaxe

A inscrición neste torneo implica a aceptación das súas bases, así como a autorización expresa e voluntaria á ORGANIZACIÓN para utilizar de forma gratuita os vídeos, imaxes e/ou gravacións de son nos que interveña, mesmo aqueles facilitados por el mesmo coa finalidade de: Publicar na páxina web, así como en calquera das redes sociais ás que pertenza, ou outra publicación impresa e/ou dixital co fin de dar maior visibilidade e/ou difusión á actividade da Organización. Esta autorización refírese á totalidade dos usos que poden ter os vídeos, imaxes e/ou gravacións de son nas que apareza, utilizando os medios técnicos coñecidos na actualidade e os que poidan desenvolverse no futuro, e para calquera aplicación. Todo iso coa única excepción e limitación dos usos ou aplicacións que poidan atentar ao dereito ao honor nos termos previstos na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A autorización non establece ningún límite de tempo para a súa concesión nin para a explotación na que apareza, polo que se considera concedida por un prazo de tempo ilimitado.